

A INNOVADORA CONTRIBUCIÓN DE ANTONIO MEIJIDE AOS ESTUDOS SOBRE A EMIGRACIÓN GALEGA¹

Antonio Meijide's innovative contribution to research on Galician emigration

LUIS ALONSO ÁLVAREZ²

Resumo. Neste traballo examínase a obra “La emigración gallega intrapeninsular en el siglo XVIII” do historiador galego Antonio Meijide Pardo no centenario do seu nacemento. Destácanse, entre outros aspectos, que se trata da obra máis elaborada e analítica do autor, a máis completa que publicou sobre Galicia e a súa modernidade ao ter sido publicada nunha época (os anos 60 do século pasado) culturalmente complicada. Finalmente, considéranse polo miúdo algunhas das principais conclusións ás que chega o autor, tanto desde o punto de vista puramente demográfico, como económico e social para á Galicia dos séculos XVIII e comezos do XIX.

Abstract. In this paper, the book “La emigración gallega intrapeninsular en el siglo XVIII” (The Galician intrapeninsular migrations in the XVIIIth century) of the Galician historian Antonio Meijide Pardo is examined. Some aspects are highlighted, such as that it is the author's most elaborated and analytic work as well as the most complete he wrote about Galicia, and its modernity, specially because it was published during a culturally complicated time (the decade of the 60's of the XXth century). Finally, some of the main conclusions of the author are considered in detail from a demographic, economic, and social point of view regarding the XVIIIth and the early XIXth centuries.

Palabras clave. Antonio Meijide Pardo. Emigración galega. Século XVIII. Galicia.

Key words. Antonio Meijide Pardo. Galician emigration. Eighteenth century. Galicia.

Autoridades, amigas e amigos, señoras e señores, boa tarde. Nunca poderei esquecer eses papeliños que don Antonio me entregaba cando estaba eu a facer a miña tese de licenciatura na Universidade de Barcelona alá polos primeiros anos setenta. Cunha elegante letra inglesa indicábame os arquivos que debía visitar e aínda os cartafoles onde podía

¹ Texto da conferencia impartida na conmemoración do centenario do nacemento do historiador Antonio Meijide Pardo o 23 de novembro de 2017 no salón de sesións do Concello da Coruña.

² Doutor pola Universidade de Barcelona. Catedrático honorario da Universidade da Coruña. Principais temas de investigación: aspectos económicos da Galicia moderna e contemporánea. luis.alonso@udc.es

atopar as cousas que procuraba. Pero o máis fascinante era que don Antonio facía iso con todo o mundo que llo pedía. Que sirva esta pequena anécdota para recoñecer dalgún modo esa débeda persoal que teño con el, alá onde se atope.

O libro de don Antonio que desexo presentarlles é un dos primeiros que escribiu, en 1960, e que leva por título *La emigración gallega intrapeninsular en el siglo XVIII*, editado polo Consello Superior de Investigacións Científicas de Madrid³.

Porqué penso que se debe seleccionar este libro entre o largo centenar de obras que deu ao prelo para conmemorar o centenario do nacemento de don Antonio Meijide Pardo? En primeiro lugar, porque se trata da súa obra máis elaborada e analítica desde unha perspectiva académica, non exactamente divulgativa. Para compoñela, don Antonio percorreu unha morea de arquivos, en total dezaseis, sen dietas nin honorarios como temos agora os investigadores. Catorce deles en Galicia⁴, un en Lisboa e outro en Madrid⁵. Todo un reto nun tempo no que non existía Internet, espazo onde agora se atopan *on line* a maior parte dos arquivos e podemos consultar comodamente os documentos desde a nosa propia casa. Pero como no século XVIII non se dispoñía de estatísticas ou recontos oficiais de emigrados, don Antonio tivo que ir recollendo os escasos datos que subministraron os contemporáneos para coñecer as tendencias da emigración, as ocupacións dos emigrantes, a duración das estadías, en como e a onde se viaxaba, onde pousaban e finalmente o volume da emigración. Para iso revisou os escritos dos devanceiros, de Martín Sarmiento a Lucas Labrada, pasando por Jerónimo Feijóo, José Cornide, Francisco Somoza de Monsoriú, Pedro Antonio Sánchez e José Alonso y López⁶, pero tamén, polos do conde de Campomanes, Eugenio Larruga ou Gaspar Melchor de Jovellanos⁷, e por escritores portugueses, ingleses e franceses⁸, sen esquecer a prensa da época (que era numerosa e variada, sobre todo en Madrid)⁹, e sen esquecer tampouco as actas da Xunta de Reino, da Academia de Agricultura de Galicia e doutras institucións preocupadas polo fenómeno crecente da emigración¹⁰. Agora estamos nun tempo, nunha época dixital, na que resulta moi doado construír bases de datos para cuantificar o que se desexa medir ou ponderar. Pero se se pensa que a obra foi elaborada a finais dos anos cincuenta do século pasado, don Antonio tivo que traballar moi arreo para escribir nos papelíños, eses papelíños nos que tanto se prodigaba, os seus recontos de emigrantes. Un traballo de formiga,

³ Antonio Meijide Pardo (1960) *La emigración gallega intrapeninsular*. Madrid, Instituto Balmes de Sociología, C.S.I.C. Prólogo de Carmelo Viñas Mey, 146 p.

⁴ Arquivos municipais da Coruña, Mondoñedo, Ferrol, Lugo, Muros, Ourense, Pontedeume, Ribadeo e Santiago; Arquivo da Catedral de Ourense; Arquivo Histórico Provincial de Ourense; Arquivo do Reino de Galicia; Arquivo da Universidade de Santiago e Biblioteca do Real Consulado da Coruña.

⁵ Biblioteca Nacional de Lisboa e Biblioteca Nacional de Madrid.

⁶ Sarmiento, 1751; Labrada, 1804; Feijoo, 1773; Cornide, 1774; Somoza de Monsoriú, 1775; Sánchez, 1806; Alonso y López, 1820.

⁷ Campomanes, 1774; Larruga, 1787-1800; Jovellanos, 1795.

⁸ Clarke, 1763; Murphy, 1795; Langle, 1796; Bourgoing, 1807; Laborde, 1809; Balbi, 1810.

⁹ *Mercurio de España* (1784). Madrid, Imprenta Real; *Diario Curioso, erudito, económico y comercial*, (1786). Madrid, Imprenta de Manuel González; *Diario de Madrid* (1789). Madrid, Imprenta del Diario; *Correo Mercantil de España y sus Indias* (1792). Madrid, Librería de Escribano.

¹⁰ Arquivo Municipal de A Coruña (varios anos); *Actas Juntas del Reino*; Sociedad Económica Matritense de Amigos del País, 1780; *Memorias de la Sociedad Económica de Madrid*, Madrid e Academia das Ciencias de Lisboa, 1789.

pero que deu un resultado excelente. O conxunto condensouno nunha obra de 150 páxinas, un número pouco habitual nun investigador que escribía case sempre traballos pequenos en extensión, aínda que avultados e sorprendentes en contidos.

Esta é unha das razóns pola que penso que a obra de *La emigración* foi o seu máis grande legado que nos deixou, a excelencia académica. Pero existen outras razóns non menos valiosas. Por exemplo, desde unha perspectiva cultural, *La emigración* constitúe a obra máis completa e acabada que o autor ten sobre Galicia no seu conxunto. Don Antonio pasa por ser un historiador propiamente local. Iso é certo, sobre todo se nos decatamos que máis de un 80% da súa dilatada investigación corresponde a estudos locais, sobre A Coruña e súa bisbarra. O resto refírese a Galicia e, unha pequena parte, a estudos internacionais. Pero entre as de temática galega, *La emigración* destaca por cima de todas en extensión e profundidade. É, ademais, a primeira vez que se recuperan os estudos histórico-económicos sobre a nosa terra, unha tradición que principiara o Seminario de Estudos Galegos (sección de Xeografía, dirixida por don Ramón Otero Pedrayo) e que se interrompera coa Guerra civil. E isto me parece tanto ou máis relevante porque don Antonio Meijide procedía doutra cultura política, que non entroncaba precisamente coa do galeguismo histórico, e na que citar a Jovellanos, valla o exemplo, era cando menos sospeitoso.

Penso tamén que hai que subliñar nesta súa obra sobre a emigración galega o seu carácter de modernidade, sempre vista no seu tempo, tendo tamén presente que foi nesa liña por onde avanzou a cultura histórica. Os poucos historiadores galegos da súa época visitaban sobre todo a historia política ou das ideas. El tentou explicar como era Galicia a partir da Xeografía económica, que vén ser o mesmo que o que hoxe chamamos a Historia económica. Era algo que só se estaba a facer en moi poucas universidades españolas, como eran as de Barcelona e Madrid e por historiadores do mérito dun Jaume Vicens Vives ou dun Antonio Domínguez Ortíz.

Asemade, a modernidade de don Antonio Meijide atópase tamén nos contidos da súa obra, a emigración galega a España e Portugal. Dos contidos da investigación hai que subliñar, en primeiro lugar, a relevancia histórica que tivo en Galicia a emigración intrapeninsular. Dende sempre, se tiña dado pulo á emigración ultramarina, facer as Américas. A emigración americana era coma un sol que tapaba coa súa luz o astro da emigración peninsular, sen dúbida de menor escala, pero sen a cal non se houbera producido a outra, ou polo menos non houbera sido tal sen a cultura migratoria dos galegos ás Castelas, Andalucía ou Portugal. E don Antonio decatouse diso, de que a emigración ultramarina non foi máis que a continuación da outra, da que el estudou.

Un segundo elemento de modernidade a destacar nos contidos da obra de Meijide é que descubre que a emigración intrapeninsular constituíu unha resposta á ruptura dos equilibrios malthusianos na economía e a sociedade galegas¹¹. O rompemento da ecuación

¹¹ Na súa obra de maior difusión, o economista británico Thomas R. Malthus sinalaba que o tamaño das poboacións medraba en progresión xeométrica, mentres que os recursos o facían en progresión aritmética. Polo mesmo, no longo prazo facían irrupción nesta dinámica o que el cualificou como freos (*checks*), entre eles o atraso na idade dos casamentos ou as enfermidades, guerras e crises de subsistencia, que adiababan o crecemento da poboación e acababan por equilibrala de novo cos recursos. (Véxase Malthus, 1798).

entre a poboación e os recursos para sostela resolvíase barbaramente nas economías preindustriais, como eran a galega e a española do século XVIII, coa apocalipse das famas, enfermidades e mortes da parte máis desfavorecida da poboación, equilibrando así de novo a ecuación. Pero en Galicia, esa parte da poboación non se deixou morrer de fame ou de enfermidades derivadas, como estaba a suceder verbi gracia en Irlanda e outros lugares europeos, se non que as familias labregas teceron unha estratexia de resistencia moi efectiva, a de emigrar a outras terras con necesidade de man de obra onde adquirir recursos para a subsistencia das familias e para o pago da renda foral e os tributos á Coroa.

Outro achado científico de don Antonio foi a constatación da existencia, non dunha, se non de tres Galicias no século XVIII, ou, mellor, tres niveis de desenvolvemento económico, cousa que se mantén en menor grao na actualidade: a Galicia atlántica, a cantábrica e a do interior. Nas dúas primeiras (nas Galicias con fachada marítima), non se emigrou ou se fixo en escasa medida pola difusión do millo, ese cereal americano que chegara moi cedo á nosa terra e que permitía ter máis dunha colleita e alternala con outros cultivos. Nestas áreas, a poboación vivía relativamente acomodada e non precisaban ter que acudir tanto á emigración para completar recursos. O cultivo do millo tiña penetrado no século anterior polos vales fluviais, maiormente do Miño, pero tamén polos ribeiros dos ríos menores, incorporándose á cultura alimenticia desas poboacións, cando o pan era entón a base da alimentación. En realidade, segundo don Antonio, onde se orixinou o groso da emigración intrapeninsular, como tamén un século despois da emigración americana, foi na Galicia interior, que abarcaba case toda a provincia de Ourense (agás o Ribeiro) e unha gran parte da de Lugo. Nestas áreas, a base da alimentación era a castaña (que principiaba a quedar afectada a finais de século pola enfermidade da *tinta*) e tamén o centeo e algo de policultivo, insuficientes para alimentar á poboación. A difusión da pataca e do viñedo é de finais de século na Galicia do interior, polo que non puideron desprezar un efecto protector¹².

Finalmente, a modernidade da obra de don Antonio apréciase moi ben na volta que lle deu ao tópico da emigración. Para moitos autores, antigos e tamén algún contemporáneo, a emigración provocaba atraso económico e social. É dicir, o escaso desenvolvemento de Galicia derivaba entre outros factores da emigración: como os nosos devanceiros emigraban, por iso os galegos éramos pobres. O punto de vista de Meijide, escasamente compartido no seu tempo, foi que o atraso deu lugar á emigración, que é a tese que se defende maiormente na actualidade.

A *Emigración galega intrapeninsular* de don Antonio constitúe por moitas razóns un estudo imprescindible para coñecer o pasado máis inmediato de Galicia. Teño apuntado entre elas a súa excelencia académica, o ser a obra máis completa do autor sobre Galicia, a súa modernidade de contidos transformadores e editada nun tempo difícil no que os escritos que tivesen de fondo á nosa terra eran censurados polo Ministerio de Información. Quero engadir, xa en último lugar, que a súa obra destaca tamén pola súa oportunidade e actualidade, nun tempo cronolóxico en que principiaban a saír a Europa os nosos emigrantes, nesa onda que arranca dos anos 60 e se mantén ata a crise de 1973-74, a mal alcumada crise do petróleo. Pero se o libro foi oportuno en 1960, tamén o é

¹² Pérez García, 1991:557-576.

agora, cando estamos a experimentar ese fluír migratorio outra vez a Europa da nosa xente máis nova, como entón, pero agora a máis instruída e de maior capacitación profesional de toda a nosa historia.

Penso que son estas e moitas máis as razóns que acreditan que a obra de don Antonio Meijide debe ser reeditada. É un libro que apenas se atopa nas bibliotecas, e menos no mercado. O que lles fala puido adquirir esta edición nunha librería de vello en Internet. Pero resulta moi difícil acadala e obriga aos estudosos e aos curiosos a tirar de fotocopia. Que mellor homenaxe ao noso historiador que reeditar a súa obra para que todos a poidan ler!

Ditas estas palabras xerais, só me queda facer *spoiler*, é dicir, contarlles os contidos do libro que traemos entre mans. A obra divídese en sete capítulos. O primeiro resulta unha exposición do tema que presenta, a emigración dos galegos a España e Portugal¹³. No segundo e no terceiro danos as claves políticas, sociais e económicas sobre o fenómeno¹⁴. No cuarto e o quinto¹⁵, talvez os máis innovadores, indícanos os destinos preferentes dos emigrantes, que eran, como xa teño sinalado, as dúas Castelas, Portugal e Andalucía, por esta orde de importancia, e xa en último lugar, outros destinos menores. No sexto capítulo, don Antonio proporciona as testemuñas dos contemporáneos sobre o que eles estaban a percibir no seu tempo¹⁶. Son testemuñas de políticos, de escritores, de economistas, de intelectuais galegos, pero tamén de xente de fóra, porque a emigración galega do século XVIII chamou a atención non só do goberno de Madrid, senón tamén de escritores portugueses, franceses e ingleses, tal era a visibilidade que chegara a ter. O sétimo capítulo e final dedícao o autor a considerar a pegada social e económica da emigración¹⁷.

Vexamos agora polo miúdo as ideas máis rechamantes. En primeiro lugar, don Antonio sinala que a emigración galega é una emigración *andoriña*, é dicir, temporal e cíclica. Os galegos ían á procura de recursos para subsistir o resto do ano. Por iso agora podémolle chamar a esta estratexia como de *actividade de auxilio*, para completar renda ou ingreso insuficiente, que din os economistas. Sen embargo, o caso dos que ían a Portugal constitúe una excepción porque hai unha maior presenza de emigración definitiva.

En segundo lugar, don Antonio marca as diferenzas para cada un dos destinos da emigración. A das Castelas, a principal, tiña carácter estacional (ciclos de 6 meses, de primavera a outono), era sobre todo ourensán, facíase en cuadrillas moi numerosas e doadamente familiar, seguían a pé os camiños tradicionais, maiormente os camiños de Santiago (o Camiño Francés e as súas variantes). Nunha gran parte dedicábanse ás segas, pero tamén ás vendimas ou a practicar algún oficio. As cifras anuais de saídos de Galicia estaba entre os 25 e os 30 mil.

Fronte a ela, a de Portugal era maiormente urbana (Lisboa e Porto), procedía do sur de Ourense e de Tui (neste caso aguillada pola proximidade), moitas veces clandestina e de máis longa duración, en ciclos de 3 a 5 anos. Os galegos ían traballar aos portos, ao comercio, á agricultura ou a desenvolver oficios que non tiñan presenza entre os portu-

¹³ Meijide, 1960:4-28.

¹⁴ *Ibidem*, 29-44 e 45-62.

¹⁵ *Ibidem*, 63-84 e 65-102.

¹⁶ *Ibidem*, 103-121.

¹⁷ *Ibidem*, 123-131.

gueses. Boa parte destes emigrantes facían o camiño para escapar das quintas e eludir o servizo militar. Calcula Meijide que só en Lisboa había unha poboación de galegos que estaba nos 30 mil ao principiar o século, pero que a finais da centuria alcanzaba xa aos 80 mil residentes.

A emigración a Andalucía, pola súa banda, tiña unha máis longa tradición. Neste sentido, xa no século XVI, a Coroa española repoboou con galegos unha parte da Alpujarra granadina de onde foran expulsados os mouriscos. Aí están certos topónimos e, sobre todo, antropónimos para recordalo. Sexa isto certo ou non, o feito da emigración que agora estamos a examinar fálanos dunha saída pronunciada de ourensáns e lugueses que camiñaban en pequenas cuadrillas, non tan grandes como as das Castelas, seguindo a Ruta da Prata (o Camiño Portugués) e con destinos moi dispersos, pero tamén con predominio dunha emigración andoriña máis longa, con ciclos de 3 anos fóra e 3 na casa.

Entre as conclusións máis rechamantes, algunhas comprobadas pola historiografía posterior en estudos polo miúdo, destacan o *efecto solteiría* que existía entre mozas que quedaban nas casas e mozos que ían á emigración, o que condicionaba no longo prazo a taxa de reprodución. De feito, hoxe sabemos que a curva ascendente da poboación galega tórcese a finais do século XVIII para perder verticalidade no XIX fronte á media española. E tamén sabemos agora que de aí se orixina o atraso de Galicia respecto a outras comunidades peninsulares nas dúas centurias posteriores, sendo así que para os gobernantes ilustrados a nosa terra era un exemplo a imitar como dicía o conde de Campomanes¹⁸.

Entre as conclusións económicas non podía faltar, por confirmada empiricamente anos despois, a sangría de man de obra e de riqueza deixada de producir na nosa terra. Pero máis rechamante é a que sinala como a emigración estacional mellorou as economías familiares. Meijide aporta neste sentido algunhas cifras: entraban en Galicia entre 400 e 500 reais anuais per cápita, un número avultado para as familias labregas, e que deberon de supoñer un circulante extraordinario para a economía galega no seu conxunto.

Remata finalmente don Antonio apuntando algunhas conclusións sociais de sumo interese. O traballo agrícola de mulleres e nenos, de ampla difusión na literatura; o desarraigo e abandono familiar e mesmo esa lenda negra de Galicia onde o descrédito, o desprezo e as humillacións, os famosos chistes de galegos, foi unha constante que perdurou moito tempo e que chegou incluso a recoller o dicionario da Academia española, cousa que corrixiu hai ben pouco.

¹⁸ “Galicia, de tiempo inmemorial, ha unido a la labranza una proporcionada cantidad de ganado a cada vecino para labrar y abonar sus tierras, con la industria de las telas de lienzo. Es por lo mismo la Provincia más poblada del Reyno; aunque el labrador está cargado con mucha renta y gabelas dominicales, además de las contribuciones ordinarias”. E engadía máis adiante: “Por manera que en Galicia las fábricas populares de tiempo inmemorial la han mantenido poblada [...]. En Cataluña falta aún las fábricas populares, que consoliden su población actual. Y aunque parezca más brillante el comercio de Cataluña, y más lucroso, como lo es en efeto a ciertos pueblos y fabricantes de aquel Principado, es más general y benéfica la constitución de Galicia, y mucho más sólida y duradera” (Campomanes, 1774: LXVII-LXVIII e LXXII-LXXIII). Como pode observar o lector, os desatinos dos economistas do século XVIII foron tanto ou máis desmedidos que os do século XXI, incapaces de predecir a crise de 2008.

E xa para rematar, volvo a repetir o que xa subliñei anteriormente. Que estamos ante unha obra moi sinalada no seu tempo, que marcou un antes e un despois, pero tamén agora. É un libro que apenas se atopa nas bibliotecas, e menos no mercado. E insisto: que mellor homenaxe ao noso historiador que reeditar a súa obra para que todos a poidan ler!

BIBLIOGRAFÍA

- ACADEMIA REAL DAS SCIENCIAS (1789) *Memórias econômicas da Academia Real das Ciências de Lisboa para o adiantamento da agricultura, das artes, e da indústria em Portugal, e suas conquistas*. Lisboa, Tipografia da mesma Academia.
- ALONSO Y LÓPEZ, J. (1820) *Consideraciones generales sobre varios puntos históricos, políticos y económicos a favor de la libertad y fomento de los pueblos, y noticias particulares de esta clase, relativas al Ferrol y su comarca*. Madrid, Imprenta de M. Repullés.
- BALBI, A. (1810) *Essai statistique sur le royaume de Portugal et d'Algarve*. Bordeaux, Pierre Beaume.
- BOURGOING, J-F de (1807) *Tableau de l'Espagne moderne*. París, Tourneisen Fils Libraire.
- CAMPOMANES, P. Rodríguez, conde de (1774) *Discurso sobre el fomento de la industria popular*. Madrid, Imprenta de D. Antonio de Sancha.
- CLARKE, E. (1763) *Letters concerning Spanish Nation*. London, F. Becket & P.A. De Hondt.
- CORNIDE, J. (1774) *Memoria sobre la pesca de la sardina en las costas de Galicia*. Madrid, Joachin Ibarra.
- FEIJOO, B. J. (1773). *Teatro critico universal*. Madrid, Imprenta Real de la Gazeta.
- JOVELLANOS, G. M. de (1795) *Informe de la sociedad económica de esta Corte al Real y Supremo Consejo de Castilla en el expediente de Ley Agraria*. Madrid, Imprenta de Sancha.
- LABORDE, A. de (1809) *Itinéraire descriptif de l'Espagne et tableau élémentaire des différentes branches de l'administration et de l'industrie de ce royaume*. París, H. Nicolle.
- LABRADA, J. L. (1804) *Descripción económica del reyno de Galicia*. Ferrol, Imprenta de Don Lorenzo José Riesgo Montero.
- LANGLE, J- M F de (1796) *Voyage en Espagne*. París, J. J. Lucet.
- LARRUGA, E. (1787-1800) *Memorias políticas y económicas sobre los frutos, comercio, fábricas y minas de España*. Madrid, Imprenta de Benito Cano.
- MALTHUS, T. R. (1798) *An Essay of the Principle of Population*. London, J. Johnson.
- MEJIDE PARDO, A. (1960) *La emigración gallega intrapeninsular en el siglo XVIII*. Madrid, Instituto Balmes de Sociología-CSIC.
- MURPHY, J. (1795) *Travels in Portugal through the Province of Entre Douro e Minho, Beira, Estremadura, and Alem-Tejo in the Year 1789 and 1790*. London, A. Strahan & T Cadell.
- PÉREZ GARCÍA, J.M. (1991) “La agricultura gallega del Antiguo régimen (1480-1830)”, en R. Villares (ed.), *Historia de Galicia. 4. La época contemporánea*. Vigo, Faro de Vigo.
- SÁNCHEZ, P. A. (1806) *Memoria sobre la policía y régimen de los abastos en la ciudad de Santiago*. Madrid, Imprenta de D. Antonio de Sancha.
- SARMIENTO, Martín (1751), *Demostración crítico-apologética del teatro critico universal*, Madrid, Herederos de Francisco del Hierro.
- SOCIEDAD ECONÓMICA DE MADRID (1780), *Memorias de la Sociedad Económica de Madrid*, Madrid, Antonio de Sancha.
- SOMOZA DE MONSORIÚ, Francisco (1775), *Estorbos y remedios de la riqueza en Galicia*, Santiago, Ignacio Aguayo.